

**ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E OS COLEXIOS OFICIAIS DE FARMACÉUTICOS E FARMACÉUTICAS DE GALICIA PARA A POSTA EN MARCHA DUN PROGRAMA PARA A RENOVACIÓN, CON CARÁCTER EXCEPCIONAL, DA PRESCRICIÓN DE MEDICACIÓN NON DEMORABLE.**

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2025

**REUNIDOS**


**Dunha parte:** Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, de conformidade co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, nos Decretos 144 e 145/2024, do 20 de maio, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**E doutra parte:** Sara Catraín González, presidenta do Colexio Oficial de Farmacéuticos da provincia da Coruña, Alejandro Sánchez Pérez-Mel, presidente do Colexio Oficial de Farmacéuticos da provincia de Lugo, Santiago Leyes Vence, presidente do Colexio Oficial de Farmacéuticos da provincia de Ourense e Beatriz García Iglesias, presidenta do Colexio Oficial de Farmacéuticos da provincia de Pontevedra

Interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que a cada un deles lle están conferidas, con plena capacidade para formalizar o presente acordo, e polo exposto:

**MANIFESTAN**

1. A Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, no seu artigo 48, contempla a atención farmacéutica como unha prestación sanitaria, e así, no artigo 54 dispón que a prestación farmacéutica comprende os medicamentos e produtos sanitarios e máis o conxunto de actuacións encamiñadas a que os e as pacientes os reciban de forma axeitada ás súas necesidades, nas doses precisas segundo os seus requirimentos individuais, durante o período de tempo apropiado e co menor custo posible para eles e a comunidade. Establece ademais que a Administración sanitaria da Xunta garantirá a prescrición e a dispensa de medicamentos no Sistema Público de Saúde de Galicia nos termos previstos na lexislación



vixente, e que a política autonómica en relación coa prestación farmacéutica promoverá o desenvolvemento de programas orientados a racionalizar o emprego dos recursos farmacoterapéuticos nos servizos sanitarios e na prestación sociosanitaria, con criterios de efectividade, seguridade e custo. Do mesmo xeito, impulsará programas e actividades de información e formación dirixidos aos profesionais sanitarios, así como á cidadanía en xeral.


A Lei 3/2019, do 2 de xullo, de ordenación farmacéutica de Galicia, pola súa banda, regula no seu artigo 2 a atención farmacéutica, sinalando que é un servizo de interese público que comprende o conxunto de actuacións tanto no ámbito asistencial como de saúde pública que deben prestarse en base á lexislación vixente e que garanten o acceso da cidadanía aos medicamentos e produtos sanitarios e contribúe a facer un uso racional e eficiente dos mesmos, tanto nos distintos niveis de asistencia sanitaria como no campo da saúde pública. Engade tamén que a Administración garantirá que a atención farmacéutica se preste en todos os niveis do sistema de saúde de modo coordinado e integrado e que ofrezca á cidadanía unha asistencia eficaz, completa e eficiente.

Esta lei integra ademais ás oficinas de farmacia no nivel da atención primaria á saúde.

Asemade, o artigo 14 da citada lei prevé a posibilidade de formalizar concertos cos colexios oficiais de farmacéuticos/as de Galicia para a colaboración das oficinas de farmacia no desempeño da prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde, sendo así que no concerto que actualmente se atopa vixente (formalizado o 29.09.2021 e prorrogado en data 25.09.2024) se contempla a posibilidade de que o Servizo Galego de Saúde e os ditos colexios colaboren na implantación de programas de atención farmacéutica a desenvolver polos/as farmacéuticos/as das oficinas de farmacia de cara á promoción da dita atención.

- II. De conformidade co Decreto 144/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, corresponde a esta a superior dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como o exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde.

Segundo o artigo 15 do citado Decreto 144/2024, de 20 de maio, correspóndelle á Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria establecer a planificación estratéxica do sistema sanitario, coordinar as actuacións, xestión e seguimento da Estratexia Galega de Saúde, e establecer as bases da modernización do Sistema público de saúde de Galicia; impulsar a sostibilidade e modernización deste mediante a consolidación dun modelo de atención compartida, de traballo en rede e de cooperación multidisciplinar con especial atención á complexidade, a través dun enfoque holístico, individualizado, preventivo e proactivo;



deseñar estratexias e iniciativas transversais que faciliten a atención integral das persoas, desde un enfoque que contemple a saúde, a calidade de vida e o benestar; así como establecer as directrices e estratexias para o desenvolvemento da carteira de servizos no Sistema público de saúde de Galicia, baseada en criterios de efectividade, seguridade e eficiencia.

III. De conformidade co Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, corresponde á Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria (artigo 8.2):


- A ordenación, planificación e innovación dos recursos asistenciais; o desenvolvemento e coordinación da política autonómica en relación coa prestación farmacéutica.
- O impulso da efectividade e da eficiencia nos procesos asistenciais, e a promoción da seguridade, a calidade e a súa mellora continua.

En concreto, a través da Subdirección Xeral de Farmacia (artigo 13) levaranse a cabo a elaboración e coordinación das estratexias de política farmacéutica no ámbito do Servizo Galego de Saúde; o desenvolvemento e seguimento da prestación farmacéutica, análise do consumo de recursos farmacoterapéuticos e desenvolvemento de estratexias de control do gasto farmacéutico, en coordinación con outros órganos do Servizo Galego de Saúde; a xestión, coordinación e avaliación da prestación farmacéutica no Sistema público de saúde de Galicia, e do concerto para a prestación farmacéutica polas oficinas de farmacia; así como o deseño, o desenvolvemento e a xestión dos sistemas de prescrición e información da prestación e consumo farmacéutico, o seu mantemento e actualización.

IV. Ao longo dos últimos anos, singularmente durante a pandemia pola Covid-19 e con posterioridade a esta, as oficinas de farmacia de Galicia foron tendo un papel cada vez máis destacado nas estratexias de saúde, colaborando estreitamente en programas de vixilancia da saúde, prevención e detección precoz de enfermidades e educación sanitaria, por exemplo, nas campañas de vacinación da poboación.

O potencial que ofrecen estas actuacións dos farmacéuticos comunitarios e o seu impacto positivo nas accións de saúde fan que se deba seguir avanzando na integración das oficinas de farmacia en diferentes estratexias que se impulsan desde o Sistema Público de Saúde de Galicia para contribuír á mellora da atención e saúde da cidadanía.

V. Neste contexto, a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, en colaboración cos colexios oficiais de farmacéuticos de Galicia, concordan na necesidade de pór en marcha un programa para a renovación, con carácter excepcional, da prescrición de medicación "non demorable", naqueles casos nos que as persoas usuarias soliciten de xeito urxente unha medicación na oficina de farmacia comunitaria e que aquela cumpra cos requisitos obxectivos previamente establecidos.



Por isto, as partes asinantes mostran o seu interese nesta colaboración, e para tal efecto formalizan o presente acordo que someten ás seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto

O obxecto do acordo é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre as partes para a realización do Programa para a renovación, con carácter excepcional, da prescrición de medicación "non demorable".

Para os efectos deste programa e con carácter xeral, terá a consideración de:


- a) "Urxencia": aquela situación na que a persoa usuaria non dispoña de medicación para máis alá de 72 horas, sen prexuízo da valoración individualizada de cada suposto.
- b) Medicación "non demorable": aquela que estea identificada como tal polo Servizo Galego de Saúde en cada momento, de acordo cos criterios técnicos relacionados na cláusula cuarta do presente acordo.

Quedan excluídos do programa todos aqueles tratamentos de dispensa exclusivamente hospitalaria a través dos servizos de farmacia hospitalaria.

### Segunda.- Compromisos asumidos pola Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, asumen os seguintes compromisos:

- Facilitar a implantación do programa nos centros, servizos e establecementos sanitarios do Sistema Público de Saúde de Galicia.
- Habilitar e manter operativa unha liña telefónica exclusivamente para este procedemento.
- Dispor do persoal (titulado médico técnico/a de saúde) necesario para a atención dos casos que se presenten.
- Xestionar as citas telefónicas necesarias para a realización da renovación da prescrición do/da paciente (acto RERE).



- Realizar a homologación ou visado sanitario previo dos medicamentos que o requiran, de acordo co procedemento establecido con carácter xeral.
- Realizar o seguimento e avaliar de forma continuada a implantación deste programa para propor as modificacións pertinentes para súa adaptación ao impacto e necesidades que se aprecien.
- Realizar de xeito periódico un seguimento dos/das pacientes que fagan uso desta vía excepcional, durante a vixencia do programa.
- Manter o necesario contacto cos Colexios Oficiais de Farmacéuticos e Farmacéuticas de Galicia para tramitar e valorar todas as incidencias e peticións en relación co programa.

### **Terceira.- Compromisos asumidos polos colexios oficiais de farmacéuticos e farmacéuticas de Galicia**

Os colexios oficiais de farmacéuticos e farmacéuticas de Galicia asumen os seguintes compromisos:

- Facilitar a implantación do programa nas oficinas de farmacia dos seus respectivos ámbitos territoriais, así como facilitarlles a información necesaria aos seus/súas colexiados/as.
- Publicitar e difundir entre os/as seus/súas colexiados/as a información relativa ao programa e o número de teléfono de contacto habilitado de forma exclusiva para este procedemento.
- Impartir a formación aos/ás farmacéuticos/as participantes no programa.
- Crear as ferramentas e vías de comunicación necesarias para que as oficinas de farmacia poidan canalizar as súas demandas de información ou comunicación de incidencias respecto da execución do programa.
- Realizar o seguimento e avaliar de forma continuada a implantación deste programa para propor as modificacións pertinentes para súa adaptación ao impacto e necesidades que se aprecien, servindo como interlocutores das oficinas de farmacia.



- Manter o necesario contacto coa Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde para tramitar e valorar todas as incidencias e peticións a través de reunións periódicas.
- Manter reunións periódicas coa consellería de Sanidade, os responsables da xestión do persoal técnico de saúde e a Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria, para valorar as incidencias e peticións que se presenten no desenvolvemento e execución do programa.

#### **Cuarta.- Medicamentos “non demorables”**

No marco deste programa de colaboración, só poderán ser obxecto de renovación da prescrición aquelas medicacións que se consideren “non demorables”.

Dada a elevada complexidade do sistema de utilización dos medicamentos e o grande número de medicamentos dispoñibles, co fin de concentrar esforzos e priorizar as intervencións optouse pola selección de medicamentos “non demorables” baseándose en diferentes criterios como a semivida plasmática, presenza de síndrome de retirada, ser medicamentos de alto risco en pacientes crónicos/as ( medicamentos asociados con máis frecuencia a erros de medicación graves, é un concepto clave en seguridade do/da paciente) ou ter considerado unha marxe de 4 horas para levar a cabo a conciliación e manexo nun servizo de urxencias.


Consultadas e revisadas fontes de información, bases de datos farmacoterapéuticas e fichas técnicas de medicamentos, e de xeito consensuado coa Subdirección Xeral de Farmacia, elaborouse unha primeira listaxe de medicamentos diana coa que iniciar o programa. En paralelo, esta listaxe auditarase para así detectar á maior brevidade posible áreas de mellora, quedando aberta a posibilidade da súa ampliación.

A listaxe de medicamentos non demorables incluídos inicialmente no programa é a que figura recollida no anexo do presente acordo. Esta relación poderá ser actualizada en función da aplicación dos criterios sinalados e será comunicada aos colexios oficiais de farmacéuticos e farmacéuticas de Galicia para os efectos da correcta execución do programa.

#### **Quinta.- Obrigas das oficinas de farmacia participantes**

As oficinas de farmacia que participen no Programa comprométense a:

- a) Comprobar a “urxencia” e se o/a paciente dispón de receitas para dispensar en relación coa medicación solicitada, así como informar ao/á paciente sobre a necesidade de pedir cita para a renovación de receitas coa debida antelación, para evitar chegar a tales situacións.



b) Verificar, no seu caso, a data da última dispensación e a pauta da mesma na folia de medicación activa e/ou preguntar ao/a usuario/a sobre a cantidade e para cantos días dispón aínda de medicación no seu domicilio.

c) Comprobar se a medicación solicitada se atopa na listaxe de medicamentos "non demorables".

d) Utilizar a liña telefónica habilitada exclusivamente para este procedemento.

e) Comunicar ao seu colexio calquera anomalía no Programa ou proposta de mellora deste para a consideración polo órgano de seguimento.

### **Sexta. - Actuacións a seguir para a renovación da prescrición da medicación "non demorable"**

Naqueles supostos nos que unha persoa usuaria acuda a unha oficina de farmacia solicitando medicación, deberá procederse como de seguido se indica:


1. En primeiro lugar, o/a farmacéutico/a da oficina de farmacia comunitaria deberá comprobar se o/a paciente dispón de receitas para dispensar en relación coa medicación crónica solicitada.

No caso de que non estean dispoñibles ditas receitas, e a efectos de comprobar para cantos días dispón de medicación, verificará a data da última dispensación e a pauta da mesma na folia de medicación activa e/ou preguntará ao/a usuario/a sobre a cantidade e para cantos días dispón aínda de medicación no seu domicilio.

Para os efectos deste programa e con carácter xeral, terá a consideración de "urxencia" aquela situación na que a persoa usuaria non dispoña de medicación para máis alá de 72 horas, sen prexuízo da valoración individualizada de cada suposto.

2. Comprobada a "urxencia" da medicación solicitada, o/a farmacéutico/a procederá a verificar que a mesma forma parte da listaxe de medicamentos "non demorables".

3. Se non forma parte desta listaxe, o/a farmacéutico/a informará ao/a usuario/a de que deberá solicitar cita co seu/súa médico/a de familia para a renovación da súa prescrición, e informará así mesmo sobre a necesidade de pedir cita para a renovación de receitas coa debida antelación para evitar chegar a tales situacións de urxencia.



4. No caso de que se cumpran as premisas de "urxencia" e medicamentos "non demorables", o/a farmacéutico/a, de forma persoal e directa deberá poñerse en contacto co Servizo Galego de Saúde no número de teléfono habilitado exclusivamente para este procedemento no horario de referencia que se indique. Fóra deste horario non se poderá facer uso desta vía excepcional, polo que para resolver a demanda de renovación da súa prescrición o/a usuario/a terá que recorrer ás cantas ordinarias de atención sanitaria.

5. A chamada será atendida por un/unha profesional médico técnico/a de saúde que deberá verificar, así mesmo, que se cumpran as premisas para a renovación da medicación "non demorable".

No caso de que o/a técnico/a de saúde comprobe que non se produce a situación de urxencia ou a medicación solicitada non forme parte da listaxe definida, comunicará ao/á farmacéutico/a que o/a paciente debe solicitar cita co seu médico/a de familia (e/ou farmacéutico/a de atención primaria no seu caso) para a renovación da prescrición da medicación solicitada.

No caso de que si se cumpran as premisas definidas, o/a técnico de saúde asignará na súa axenda unha cita telefónica para a realización da renovación da prescrición do/da paciente (acto RERE).

O/A farmacéutico/a comunitario deberá confirmar o teléfono do/a usuario/a solicitante e facilitarállelo ao/á técnico/a de saúde para a asignación da cita, e informará da mesma ao/á paciente que aparecerá reflectida na aplicación corporativa "SERGAS móbil".

Para axilizar o procedemento e evitar demoras, ben no mesmo acto coa identificación persoal do usuario en presenza do farmacéutico comunitario se fose posible ou ben contactando co paciente á maior brevidade, o/a técnico/a de saúde realizará a renovación da prescrición na cantidade mínima suficiente para cubrir a situación de urxencia (habitualmente un envase). A continuación, desenvolverá a educación sanitaria necesaria ao/á paciente para evitar chegar a este tipo de situacións, lembrándolle que se trata dunha vía con carácter excepcional.

Unha vez realizado este acto de renovación da prescrición o/a paciente xa pode retirar a medicación na súa oficina de farmacia.

Cando o/a técnico/a de saúde realice a renovación da prescrición dun medicamento que requira de homologación ou visado sanitario previo, de xeito automático (a través do aplicativo SIFAR) pasará a formar parte da listaxe de pacientes do seu/súa farmacéutico/a de atención primaria para cumprir con dito trámite de acordo co procedemento establecido para o mesmo con carácter xeral.



### Sétima.- Protección de datos

De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (en adiante, "RPGD"), e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais (en adiante "LOPD"), os seus datos trataranse coa finalidade de facer posible o perfeccionamento do presente acordo. A lexitimidade do tratamento é o cumprimento do acordo do que o interesado é parte (artigo 6.1.b RRGPD).

### Oitava.- Vixencia

O presente acordo terá unha vixencia de catro anos, contados a partires da data da súa sinatura.

Ao finalizar o seu prazo inicial, a súa vixencia poderá ser prorrogada por acordo expreso das partes, cos límites temporais previstos no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

### Novena.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente acordo:

- a) A expiración do prazo previsto para a súa vixencia.
- b) Cando o seu obxecto deixe de ser necesario para a finalidade acordada.
- c) Por mutuo acordo das partes.
- d) Por incumprimento, total ou parcial das súas cláusulas.
- e) Por imposibilidade xustificada de cumprir o seu obxecto.
- f) Pola desaparición das causas que o motivaron.

### Décima.- Financiamento

As actuacións previstas no presente acordo non xerarán custos nin darán lugar a contraprestación financeira entre as partes, e polo tanto, non precisa consignación orzamentaria.



### Décimo primeira.- Comisión mixta de seguimento

Para facilitar o seguimento e cumprimento das actividades a desenvolver, constituirase unha comisión mixta de seguimento integrada por:

- 2 persoas designadas pola dirección xeral de Planificación e Reforma Sanitaria en representación da Consellería de Sanidade e/ou do Servizo Galego de Saúde
- 1 representante do COF da Coruña
- 1 representante do COF de Lugo
- 1 representante do COF de Ourense
- 1 representante do COF de Pontevedra

A comisión de seguimento será a encargada da coordinación, execución e seguimento do presente acordo. Avaliará de forma continuada a implantación deste programa e propondrá as modificacións pertinentes para a súa adaptación ao impacto e necesidades que se aprecien. Todas as incidencias e peticións serán valoradas e postas en común a través de reunións periódicas desta comisión de seguimento.

Esta comisión mixta terá as seguintes funcións:

- 1º.- Resolver as incidencias e peticións que poidan xurdir no desenvolvemento do Programa.
- 2º.- Adoptar decisións que contribúan á boa marcha do Programa.

### Décimo segunda.- Natureza xurídica e xurisdición

O presente acordo ten natureza administrativa, de conformidade co establecido no artigo 47.1, parágrafo segundo, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Este acordo queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, segundo o disposto no seu artigo 6, ao non ter carácter contractual.

As dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución serán resoltas por conciliación na comisión mixta de seguimento, de conformidade cos principios de boa fe e confianza lexitima.

De non chegarse a un acordo, as partes someterán as súas diferenzas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir durante a execución do acordo, e non se resolverse a través da comisión de seguimento.



### Décimo terceira.- Rexistro de Convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste acordo de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervintes para que a Administración Pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e calquera outras especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E en proba de conformidade, formalízase e asínase o presente acordo en quintuplicado exemplar e a un so efecto no lugar e data citados no encabezado.

Pola Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde



Antonio Gómez Caamaño

Polo COF da Coruña



Sara Catraín González

Polo COF de Lugo



Alejandro Sánchez Pérez-Mel

Polo COF de Ourense



Santiago Leyes Vence

Polo COF de Pontevedra



Beatriz García Iglesias

ANEXO  
RELACIÓN DE MEDICAMENTOS NON DEMORABLES

1. Terapia antidiabética.


- Insulina

2. Terapia antiepiléptica e anticonvulsivante só para tratamento da epilepsia. (A suspensión abrupta desta medicación pode precipitar a aparición de crises epilépticas):

Ácido Valproico  
Brivaracetam  
Carbamazepina  
Cenobamato  
Clobazam  
Clonazepam  
Eslicarbazepina  
Estiripentol  
Etosuximida  
Fenitoína  
Fenobarbital  
Gabapentina  
Lacosamida  
Lamotrigina  
Levetiracetam  
Oxcarbazepina  
Perampanel  
Pregabalina  
Primidona  
Rufinamida  
Tiagabina,  
Topiramato  
Vigabatrina  
Zonisamida

3. Terapia antipsicótica na enfermidade psiquiátrica e demencia (A suspensión abrupta pode producir discinesia e axitación de rebote):

- Antipsicóticos típicos e atípicos.



#### 4. Terapia inmunosupresora do paciente transplantado.

#### 5. Terapia cardiovascular.

- Nitratos
- Betabloqueantes (BB). A interrupción brusca (12-72 h) dos BB pode provocar síndrome agudo de retirada (anxina, hipertensión de rebote).
- Calcioantagonistas (CA). Algúns pacientes, cando interrompen de forma abrupta os CA ou os nitratos experimentan un incremento na frecuencia e severidade da anxina.
- Anticoagulantes de acción directa (ACODs) e Heparinas. A súa discontinuación pode implicar eventos trombóticos por semivida curta.
- Agonistas alfa adrenérxicos (Clonidina, Metildopa, Moxonidina). A interrupción brusca dos mesmos tense asociado con hipertensión de rebote perigosa.

